




COMPROMISO COA NOSA LINGUA I



Como todos os meses do mes de maio, dende 1963, hoxe voltamos honrar as nosas letras, lembrando neste caso ao poeta dos Vilares (Guitiriz), XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, paradigma de compromiso cos valores da nosa cultura e moi en particular, coa nosa lingua, xenial creación histórica dos nosos devanceiros; e xa que logo, parte esencial do noso patrimonio cultural, que nos singulariza e enriquece como pobo; aínda que por desgracia, a súa historia estea inzada de incomprensións e atrancos, propiciados e alentados, a máis das veces, por inimigos de fóra, e tamén, de dentro da terra. Por esto último, debemos comprometernos a seguir loitando para que a nosa lingua siga viva nas nosas xentes e aumente o seu recoñecemento público como un dos bens máis preciados que atesouramos como pobo.



Para este dignísimo obxectivo, traballaron e se esforzaron ata o final do seu alento os fillos máis valiosos desta terra, que ao longo da nosa historia e movidos por un amor inquebrantable a Galiza, tentaron arreo promover e dignificar porque consideraban a súa lingua como a creación máis extraordinaria deste pobo. Pero é evidente que a pesar do seu esforzo, o traballo non está rematado, aínda nos queda moito por andar no longo camiño da súa normalización. Pero, neste longo camiño, seguro que cada vez somos máis os que seguimos loitando pola súa dignificación, pola súa total normalización, xa que somos conscientes da súa importancia e da súa transcendencia para o porvir do noso pobo.



Xa que logo, como herdeiros desta singular cultura, neste día de festa para as nosas letras, queremos tamén facer un chamamento a todas as galegas e galegos de ben para que abandonen toda dúbida nesta dignísima loita e se manteñan sempre leais a aquelas palabras do gran Florentino Cuevillas: “...calquera traballo, grande ou pequeno, duro ou levian, que emprendades en nome de Galiza, é sempre sementeira.”

